

SI

# Enquisa ás Empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

## Edición 2018

XUNTA DE GALICIA

amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

OBSERVATORIO
da Sociedade da Información e a Modernización de GALICIA

# Índice

1 Caracterización do sector TIC

2 Innovación empresarial

3 Cara unha Internet ultrarrápida e á madurez tecnolóxica

4 Emerxen novas soluciõns TIC:
Cloud computing, redes sociais e software para aplicacións móbiles

5 Comercio electrónico e formación

Principais resultados da **"Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia". Ano 2018.**

**Incluído no Plan Galego de Estatística 2017 - 2021**

Realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

**Marco estratéxico:** Axenda Dixital de Galicia 2020.

## Obxectivos

- Caracterizar o sector empresarial TIC galego, por ser un sector estratéxico no desenvolvemento económico de Galicia e polo efecto tractor e dinamizador TIC que exerce no resto de actividades empresariais.
- Proporcionar información para avaliar o impacto das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital de Galicia 2020 no sector TIC.
- Actualizar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído no Plan Galego de Estatística 2017 – 2021

# 1.

# Caracterización do sector TIC

# Sector TIC. Estrutura



# Demografía empresarial I

☞O número de empresas TIC galegas medra de forma sostida ao longo dos últimos cinco anos, ata chegar ás 2.579 entidades no ano 2016.



# Demografía empresarial III

O maior crecemento no volume de empresas TIC prodúcese nas empresas TIC cun máximo de dous traballadores/as, incrementándose en 109 empresas respecto ao ano anterior.

As microempresas representan o 93,7% do total de empresas TIC.

**Empresas do sector TIC segundo o número de empregados /as. Galicia. Anos 2012-2016**

(nº de empresas TIC)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016

# Demografía empresarial II

- **Galicia** permanece na **5ª quinta** posición  en canto ao número de empresas do sector TIC.
- As **actividades informáticas** engloban **ao 68,2%** das empresas TIC galegas.




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE (IGE para Galicia). Ano 2015

68,2%
Actividades Informáticas

15%
Comerciais TIC

7,5%
Outros Servizos TIC

6,2%
Telecom.

3,1%
Manuf.

# Emprego

| Ano 2013: 15.312 | Ano 2014: 14.400 | Ano 2015: 15.683 | Ano 2016: 16.098 | Ano 2017: 16.866 |
|---|---|---|---|---|
| 1,7% | 1,6% | 1,7% | 1,7% | 1,7% |

**Porcentaxe sobre persoal ocupado de Galicia:** (see second row above)

☞No 2017 a cifra de traballadores/as do Sector TIC en Galicia acadou os 16.866, o que representa **un crecemento do 2,6%.**

☞**Fenda de xénero:** A presenza de homes (67,9%) continúa duplicando á das mulleres (32,1% ).

☞**Máis da metade das empresas, o 60%, sinala que é difícil ou moi difícil contratar persoal con formación específica en TIC.**

**Empregados/as do sector TIC segundo o sexo (%)**




**Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos facilitados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Anos 2013-2017**

# Volume de negocio

☞ O volume de negocio das empresas TIC galegas superou os 2.643 millóns de euros no ano 2017, un 4,8% máis que o ano anterior.

**Estimación do volume de negocio das empresas TIC**

(millóns de euros)




**Base: empresas TIC**

**Fonte: OSIMGA**

☞Un 72,7% do volume de negocio corresponde a clientes galegos e un 19,2% ao resto de España.

**% de distribución xeográfica da cifra de negocio**

| Galicia | Resto de España | Resto da Unión Europea | Resto do mundo |
|---|---|---|---|
| 72,7 | 19,2 | 4,0 | 3,6 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

**% de distribución por clientes da cifra de negocio**

| Xunta de Galicia | Concellos e deputación galegas | Administración Pública non galega | Empresas | Profesionais | Particulares |
|---|---|---|---|---|---|
| 4,8 | 3,8 | 1,1 | 70,6 | 10,0 | 9,5 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

# 2.

# Innovación empresarial

# Actividades de I+D+i

## Actividades de I+D+i nos 3 últimos anos



**34%**

+ 3 puntos
no último ano

## Resultados comercializables

**65,1%**

## Cooperación interempresarial para facer innovacións

**20,8%**

+ 2,4 puntos
no último ano

- No período 2015-2017 medra en 1,6 puntos a porcentaxe de empresas TIC galegas que introduciron bens novos ou mellorados (27,2%) como das que o fixeron cos servizos (36,2%).
- Principais innovacións:
  - Sistemas de xestión dos coñecementos (51,4%)
  - Actividades de apoio para os procesos das propias empresas (50,5%)

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# 3.

# Cara unha Internet ultrarrápida e á madurez tecnolóxica

# Incremento significativo da banda larga móbil e da fibra óptica



☞ A tecnoloxía de **Banda larga móbil** confírmase novamente como a tecnoloxía principal de acceso, estando xa presente no 54,2% das empresas TIC galegas e experimentando un aumento do 26,6% no último ano.

**Tecnoloxía contratada de acceso a Internet**

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

# Calidade na velocidade de conexión a Internet

**Velocidade de acceso a Internet en Galicia**

(% empresas TIC que dispoñen de Internet)




**Fonte: OSIMGA**

☞ Continúa o incremento da velocidade de conexión nas empresas TIC de Galicia: un 56% delas conta cunha conexión superior aos 100 Mbps, experimentando un incremento dun 9,8% no último ano.




XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Madurez tecnolóxica

Continúa o uso de ferramentas tecnolóxicas a nivel empresarial que repercuten na produtividade e na transformación dixital do comercio ou da interacción coas Administracións públicas.

**Sinatura dixital**

**Envío de factura electrónica**



+ 9,9 puntos no último ano

**63,4%**

**44%**

+ 5,5 puntos no último ano

**Interacción coas AA.PP. a través de Internet**

+ 5,5 puntos no último ano

**76%**

# 4.

# Emerxen novas solucións TIC:

## Cloud computing, redes sociais e Software para aplicacións móbiles

# Cloud Computing



**Tipo ou modalidade Cloud empregada**

(% empresas TIC que empregan servizos Cloud)




**Fonte: OSIMGA**

## Emprego de servizos Cloud Computing

+ 12,4 puntos no último ano

56,3%

☞ **Nesta edición é especialmente significativo o auxe das tecnoloxías Cloud. Máis da metade das empresas TIC galegas, o 56,3%, emprega servizos Cloud, aumentando 12,4 puntos respecto ao ano anterior**

☞ **O Software como servizo (Saas) - Google Apps, Dropbox, etc.** – é claramente a modalidade que máis empregan as empresas TIC galegas .

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Redes Sociais: escaparate privilexiado dos produtos e servizos TIC

☞ As **redes sociais** seguen incrementando a súa presenza nas TIC galegas, cun crecemento do 5,7% respecto ao ano 2017.




**Presenza activa nas redes sociais**

(% empresas TIC con acceso a Internet)




**Fonte: OSIMGA**

☞A realización de accións de marketing é a principal motivación para o uso das redes sociais.

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Emprego de aplicativos en plataformas móbiles

## Emprego de aplicativos en plataformas móbiles




**Encargaron un desenvolvemento**

+ 3,4 puntos no último ano

15,5%

**para plataformas móbiles**

**Ofreceron desenvolvemento**

+ 2,2 puntos no último ano

31,1%

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# 5.

# Comercio electrónico e formación

# Comercio electrónico

## Vendas de bens ou servizos

a través do comercio electrónico

26,1%

+ 6,1% máis no último ano

Peso das vendas: 53,1%



## Compras de bens ou servizos

a través do comercio electrónico

75,7%

Peso das compras: 48,2%

# Formación para responder ás cambiantes necesidades do sector



☞Medrou levemente a porcentaxe de empresas do sector TIC que formou aos seus traballadores/as nalgunha materia de tecnoloxías da información e da comunicación, acandando o 32,5%.

**Empresas do sector TIC que formaron en TIC a traballadores / as da empresa no último ano**

(% empresas TIC )




Fonte: OSIMGA

☞O 40% das empresas TIC galegas amosan interese en formarse nas tecnoloxías **Cloud e nos modelos de negocio relacionados**, aínda que tamén aumentou a necesidade de **desenvolvemento de aplicacións para dispositivos móbiles** (36,9%). En terceiro lugar, sitúase a **seguridade informática e a protección de datos.**

## Emprego de e-learning

+ 4,7 puntos
no último ano

43%

Fonte: OSIMGA

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Perspectivas futuras

**Emprego Tendencia de evolución do sector TIC galego nos próximos tres anos**

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**



☞Unha de cada tres empresas TIC galegas percibe que a evolución do sector será expansiva nos próximos tres anos (36,4%), e preto da metade considera que a evolución continuará estable (49%).

☞ **O 24,4% das empresas TIC galegas ten previsto contratar novo persoal relacionado co ámbito tecnolóxico** nos vindeiros anos, un 4,3% máis que o ano anterior.

XUNTA DE GALICIA

amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# Conclusións

- ✓ O número de empresas do sector TIC de Galicia acadou a cifra de 2.579, o que representa un crecemento do 5,8% respecto ao ano anterior
- ✓ O sector tecnolóxico galego emprega a 16.866 traballadores/as, o que supón un crecemento de 4,8% no último ano
- ✓ O volume de negocio das empresas TIC galegas acadou os 2.643 millóns de euros no ano 2017, un 4,8% máis que no ano 2016.
- ✓ Unha de cada tres empresas TIC galegas (o 34,0%) realizaron actividades de I+D+i durante os 3 últimos años, medrando en 3 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.
- ✓ O 60% das empresas TIC galegas sinala que é difícil ou moi difícil contratar persoal con formación específica en TIC fronte ao 51,5% do ano anterior.
- ✓ A banda larga móbil está presente no 54,2% das empresas TIC galegas, cun aumento do 26,6% no último ano.
- ✓ Un 56% das empresas TIC teñen velocidades de acceso superiores aos 100 Mbps, experimentando un incremento dun 9,8% no último ano.
- ✓ Continúa o incremento dos envíos de facturas electrónicas, acadando o 44%, un 14,3% máis que o ano anterior.
- ✓ O uso de Servizos Cloud nas empresas TIC de Galicia aumentou ata o 56,3%, 12,4 puntos máis que o ano anterior.
- ✓ O 26,1% das empresas TIC galegas vendeu a través de Internet, experimentando un crecemento do 6,1% respecto ao ano anterior.
- ✓ O 24,4% das empresas TIC galegas teñen previsto contratar novo persoal relacionado co ámbito tecnolóxico nos vindeiros anos, un 4,3% máis que o ano anterior.

**Metodoloxía da enquisa do OSIMGA:**

- 493 enquisas ás empresas TIC galegas
- Enquisa vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura
- Período de realización da enquisa: 26 de marzo ao 6 de xuño de 2018.
- A marxe de erro para o conxunto da mostra é de ± 4,05%.

**Fontes de información:**

- Enquisas realizadas polo OSIMGA.
- Fontes externas IGE e INE

Máis información: www.osimga.gal